

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **12616 (11/PNC-001285)** Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas melloras iniciadas na liña ferroviaria de ancho métrico Ferrol-Xixón.

### Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para esixir a execución de melloras no ferrocarril Ancho Métrico Ferrol-Xixón, contemplando actuacións nos seguintes ámbitos:

- 1.- limpeza, roza e mellora da liña;
- 2.- mantemento e mellora das estacións;
- 3.- estudo de posibles novas estacións e apeadoiros encamiñadas a fomentar o uso desta modalidade de transporte;
- 4.- mantemento e mellora do material rodado, aumentando o parque de locomotoras e material rodado en reserva, así como a mellora da dotación dos talleres dos que dispón na comunidade;
- 5.- o establecemento de procedementos claros de actuación no caso de que se produza calquera tipo de incidencias nos que primen a calidade do servizo e o confort do usuarios;
- 6.- o incremento e mantemento do persoal necesario, especialmente maquinistas, para a axeitada atención do servizo;
- 7.- e a inmediata ampliación dos servizos, horarios e frecuencias, principiando pola reposición dos servizos eliminados ao amparo da pandemia sanitaria, en aras de recuperar e incrementar a demanda dos usuarios”

Santiago de Compostela, 14 de abril 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/04/2021 17:26:36**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/04/2021 17:27:15**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa da Comisión 2ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do inicio da redacción do proxecto de construción dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense (doc. núm. 12630).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inclúa este proxecto nas iniciativas que pretenden captar fondos europeos.

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2020

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Otero Rodríguez na data 14/04/2021 17:11:00**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 14/04/2021 17:11:33**

